



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 12/2023, DO DÍA 28
DE DECEMBRO DE 2023**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e seis minutos do xoves día 28 de decembro de 2023, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 22.12.2023, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, D^a. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE
D. Eduardo Vila Pereira	PP

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. Actas anteriores:

- núm. 9/2023, do 28 de setembro de 2023.
- núm. 10/2023, do 2 de novembro de 2023.
- núm. 11/2023, do 30 de novembro de 2023.

2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, da factura de “AOS Policarpo Sanz 17 SLP” da relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 39 polo importe de 2.541,00 €.

3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 40 por un importe total conxunto de 5.443,44 €.

II. PARTE DE CONTROL:

4. Resolucións da alcaldía – pedanía.

5. Rogos e preguntas.

Ábrese a sesión pola Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.



Entidade Local Menor de Bembrive

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Actas anteriores:

- **núm. 9/2023, do 28 de setembro de 2023.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

- **núm. 10/2023, do 2 de novembro de 2023.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

- **núm. 11/2023, do 30 de novembro de 2023.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, da factura de “AOS Policarpo Sanz 17 SLP” da relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 39 polo importe de 2.541,00 €.

A Alcaldesa-Pedánea dá conta da proposta do 22.12.2023 co seguinte contido:

<i>Identificación dos gastos</i>	<i>Data</i>	<i>Concepto</i>	<i>Importe íntegro (€)</i>	<i>Núm. Total Xustific.</i>
<u>Relación de Xustificantes de gasto 2023/39:</u> 1 Xustificante de gasto núm. 2023 66-343 por importe de 2.541,00 €, emitido por “AOS POLICARPO SANZ 17 SLP”, con CIF: B-27824895, (Fra. núm. Emit-4 de data 20.12.2023 presentada no FACe o 20.12.2023)	22.12.23	1 Xustific. de gasto s/ Relación de Xustificantes Gasto núm. 2023/39	2.541,00 € (IVE incluído)	1

“En relación ao expediente de pagamento dunha factura incluída na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 39 por un importe de 2.541,00 €, emítase proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO



Entidade Local Menor de Bembrive

PRIMEIRO. – Vista a necesidade de pagamento da antedita factura incluída na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 39 correspondente ao xustificante de gasto que a continuación se enumera por un importe total de 2.541,00 € emitido por “AOS POLICARPO SANZ 17 SLP” en concepto de “asesoramento jurídico febreiro a julio 2023 (...)”

Núm. fra.	Data fra.	Data rexistro	Núm. Xust. Gto	Terceiro	Importe (€) *
Emit-4	20.12.2023	20.12.2023	2023 66000343	B27824895	2.541,00
TOTAL					2.541,00

*IVE incluído

SEGUNDO. - Que o 22 de decembro de 2023 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria na bolsa de vinculación xurídica correspondente e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.
- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP, no sucesivo).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC, en posteriores citas).

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 22 de decembro de 2023 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – **Levantar o reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora, tendo en conta que para a aprobación do citado gasto incluído na relación de Xustificantes de gasto 2023 39 adxunta, polo total expresado de 2.541,00 euros (IVE incluído).**

Páxina 3 de 14



Entidade Local Menor de Bembrive

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 22.12.2023, cuxas conclusións son as seguintes:

“Conclusións:

1ª.- *As Entidades do Sector Público non poden contratar verbalmente (art. 37 da LCSP), coa excepción da tramitación de emerxencia.*

2ª.- *O expediente de contratación en contratos menores, previsto no art. 118, non se pode utilizar cando a prestación pretendida excede dun ano (art. 29.8 LCSP).*

3ª.- *Os contratos de servizos están vinculados a un resultado, e non uns servizos desconectados dese resultado, como é a prestación xenérica de asesoramento xurídico fiscal.*

4ª.- *Os servizos obxecto da presente fiscalización son funcións reservadas a funcionarios, o que contravén o art. 17.2 da LCSP.*

5ª.- *Non poden adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe de créditos autorizados no estado de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolución e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar (artigo 173.5 do TRFLFL).*

6ª.- *A realización de gastos sen consignación orzamentaria e o posterior recoñecemento e abono, supón, como se ven indicando reiteradamente dende esta Intervención, unha práctica totalmente indebida que obedece a unha falta de control do gasto e que inflúe moi negativamente no equilibrio económico desta Entidade Local.*

Por todo elo, esta Intervención reitera a necesidade de tomar medidas contundentes de control do gasto público que eviten que no futuro se reitere dita circunstancia.

Carácter e efectos do reparo formulado:

*Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede **fiscalizar desfavorablemente** e formular **reparo suspensivo**, conforme ao disposto nos artigos 216 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola **carencia de crédito** e **omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais** que dan lugar a **nulidade do acto administrativo**, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 b) da LCSP 9/2017 por **prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido** (apartado 1, letra e) para concertar o contrato en cuestión, que tivo como resultado a elusión dos requisitos de publicidade, procedemento e forma de adxudicación que corresponde. Por tanto, debiu considerarse un só expediente de contratación, non susceptible de ser tratado como contrato menor.*



Entidade Local Menor de Bembrive

En efecto, as causas que figuran no expediente como determinantes da nulidade de pleno dereito do contrato é carecer de consignación orzamentaria e prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido para contratar, ao instrumentalizarse como contratos menores (art. 131.3 da LCSP) o que debeu ser un contrato sometido ás esixencias de publicidade e concorrencia, consecuencia dun fraccionamento indebido do obxecto do contrato, infrinxindo o artigo 99 do citado texto normativo.

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2 a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por tanto, dáse conta do presente reparo ao órgano da Entidade Local correspondente (Xunta Veciñal) para que adopte as decisións que procedan en relación coa normativa exposta.

Posto que se trata dun servizo de prestación continuada, as consideracións desfavorables expostas, serán extensivas, en tanto se manteñan as mesmas circunstancias, ás sucesivas facturas que se emitan pola mesma empresa e conceptos e sean propostos para a súa aprobación con cargo ao Orzamento da Entidade Local Menor de Bembrive.

Lémbrese que, á vista do tenor literal do precepto 28 da LTAIPBG 19/2013, constitúen **infraccións moi graves** **“Os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos** ou con infracción do disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable e a **omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva** ou do procedemento de **resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención**, regulado na normativa orzamentaria”, que neste caso afectará ao órgano que determine a continuación do procedemento, sen agardar a que se leve a cabo o procedemento descrito nos artigos 12 e 15 do RD 424/2017.

Por último, compre sinalar que anualmente darase conta destes informes contrarios aos reparos á Xunta Veciñal, con motivo da liquidación do orzamento, e ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo da CCAA, con motivo da aprobación da Conta Xeral, por mandato do art. 15.6/7 do RD 424/2017.”

.....



Entidade Local Menor de Bembrive

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para seguir dicindo que esas contratacións son ilegais, como ten reiterado, que xa lle di que é reiterativo, que a propia interventora o di no seu informe. Tamén quere aclarar porque hai unha compensación no mes de agosto desa factura, dese proveedor e dese servizo xurídico, entende que a Entidade non necesita contratar ese servizo xurídico porque para eso xa ten unha secretaria-interventora que pode asesorar e informar á Entidade Local Menor e non ter que asumir ese gasto excesivo á Entidade.

A alcaldesa-pedánea respóstalle que en canto ao reparo polo contrato, é un contrato do anterior alcalde (2021) que tiña data de remate e naquel momento o fixo e a factura hai que pagala porque eles cumpriron co seu traballo e non queda outra.

O Sr. Vila Pereira contesta que iso o ten claro.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vocais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e un voto en contra (do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo da Intervención, das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 40 por un importe total conxunto de 5.443,44 €.

A Alcaldesa-Pedánea dá conta da proposta do 22.12.2023 co seguinte contido:

“Asunto: Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo interposto pola Secretaría-Interventora das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto núm. 2023 40.

Identificación dos gastos	Data	Concepto	Importe íntegro (€)	Núm. Total Xustificantes
Relación de Xustificante de gasto núm. 2023/40: dende LIMPIEZAS FARO S.L. xust. 2023/66-166 por 574,99 € ata LIMPIEZAS FARO S.L. xust. 2023/66-299 por 574,99 €	22.12.23	Varios s/ Relación de Xustificantes de Gasto 2023/40	5.443,44 €	7

En relación ao expediente de pagamento de varias facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 40 por un importe conxunto de 5.443,44 €, emítase proposta en base aos seguintes



Entidade Local Menor de Bembrive

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – Vista a necesidade de pagamento das anteditas facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 40 por un importe total de 5.443,44 € correspondentes á bolsa de vinculación 9.2.

SEGUNDO. - Que o 22 de decembro de 2023 emitíuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria na bolsa de vinculación xurídica correspondente no momento de realización dos gastos e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.
- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP, no sucesivo).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC, en posteriores citas).

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 22 de novembro de 2023 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – **Levantar o reparo suspensivo** interposto pola Secretaria-Interventora no seu informe emitido con data 22 de decembro de 2023 ás facturas incluídas na relación de Xustificantes de gasto 2023 40 adxunta, polo total expresado de 5.443,44 euros (IVE incluído).

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”



Entidade Local Menor de Bembrive

.....

No expediente consta **informe da Secretaría Intervención**, emitido o 22.12.2023, cuxas conclusións son as seguintes:

“Conclusións:

1ª.- O artigo 173.5 do TRFLFL sinala, expresamente, que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe de créditos autorizados no estado de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolución e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

2ª.- A realización de gastos sen consignación orzamentaria e o posterior recoñecemento e abono, supón, como se ven indicando reiteradamente dende esta Intervención, unha práctica totalmente indebida que obedece a unha falta de control do gasto e que inflúe moi negativamente no equilibrio económico desta Entidade Local.

3ª.- Por todo elo, esta Intervención reitera a necesidade de tomar medidas contundentes de control do gasto público que eviten que no futuro se reitere dita circunstancia.

4ª.- O expediente de contratación en contratos menores, previsto no art. 118, non se pode utilizar cando se trate de prestacións periódicas e reiteradas no tempo (art. 29.8 LCSP), como é o caso dos gastos obxecto do presente expediente.

Carácter e efectos dos reparos formulados:

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede **fiscalizar desfavorablemente** e formular **reparo suspensivo**, conforme ao disposto nos artigos 216 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola **carencia de crédito** e **omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais** que dan lugar a **nulidade do acto administrativo**, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2 b) da LCSP por **prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido** (apartado 1, letra e), como consecuencia de non haber tramitado o correspondente procedemento previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, que se esixe para a tramitación administrativa que exceda dos importes e requisitos do contrato menor para garantir os requisitos de publicidade e os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.



Entidade Local Menor de Bembridge

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2 a) do TRLRFL e 15.2 a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por tanto, dáse conta do presente reparo ao órgano da Entidade Local correspondente (Xunta Veciñal) para que adopte as decisións que procedan en relación coa normativa exposta.

Xa en informes anteriores indiquei que, posto que se tratan de servizos e subministrados periódicos e de prestación continuada, as consideracións desfavorables expostas facíanse extensivas, en tanto se mantiveran as mesmas circunstancias, ás sucesivas facturas que se emitiran polas mesmas empresas e conceptos e foran propostas para a súa aprobación por conta do orzamento da ELM, polo que reitero que presentan circunstancias irregulares no eido da contratación administrativa e do procedemento administrativo de recoñecemento das obrigacións e ordenación do pagamento no tocante aos subministrados e servizos que prestan.

Lémbrese que, á vista do tenor literal do precepto 28 da LTAIPBG 19/2013, constitúen **infraccións moi graves “Os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable e a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos, cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención, regulado na normativa orzamentaria”**, que neste caso afectará ao órgano que determine a continuación do procedemento, sen agardar a que se leve a cabo o procedemento descrito nos artigos 12 e 15 do RD 424/2017.

Por último, compre sinalar que anualmente darase conta destes informes contrarios aos reparos á Xunta Veciñal, con motivo da liquidación do orzamento, e ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo da Comunidade Autónoma, con motivo da aprobación da Conta Xeral, por mandato dos apartados 6 e 7 do art. 15 RD 424/2017.”

.....

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para insistir nos reparos suspensivos que manifesta a interventora que son totalmente ilegais.

A alcaldesa-pedánea respóstalle que é unha factura dunha procuradora que nese momento non estaban nin por casualidade na Entidade, que non se podía prever, que se presenta a factura anos máis tarde, é un procedemento de 2018 e presenta



Entidade Local Menor de Bembrive

a factura en 2023, co cal foi imposible preveelo e as outras facturas de limpeza é un contrato que ven de anos (servizo) e en canto se poda licitar, licitarase, e esas facturas si que podían ir a plenos anteriores, pero considerouse oportuno que antes de iniciar a tramitación das mesmas, contactar coa empresa e resolver cuestións que tiñan pendentes sobre a prestación do servizo que non estaban moi claras.

.....

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vocais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e un voto en contra (do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

4. Resolucións da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucións adoptadas pola mesma dende a convocatoria da última sesión ordinaria celebrada o 30.11.2023 ata a desta, e que estiveron á disposición das e dos vogais dende a convocatoria desta sesión:

Nº.	Data	Descrición
097	29.11.2023	Adxudicación de contrato menor de subministro de 31 m.l. de tubo e codo para Camiño do Cocho Primeira Travesía a Saniplast Soluciones Sostenibles del Agua SLU, por impte. total de 321,80 € .
098	30.11.2023	Adxudicación de contratos menores de servizos e subministros para a XII Carreira Solidaria do 02.12.2023 a dez provedores, por impte. total de 4.743,18 € .
099	30.11.2023	Adxudicación de contrato menor de servizos de Iluminación de Nadal a Radio Pérez Eventos S.L., por impte. total de 3.851 € .
100	30.11.2023	Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas do persoal laboral, funcionario e dos tres membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de novembro, por 8.067,13 € (impte. neto).
101	30.11.2023	Aprobación do gasto, s/ relación de 2 xustif. de gasto de Alberto Fernández Gómez, nº 35/2023 (obras), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para o seu pago, por impte. bruto de 5.432,90 € .



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

- 102 05.12.2023 **Adxudicación de contratos menores de servizos e subministros para a XXIV Certame de Rondallas** do 24.12.2023 a catro provedores, por impte. total de **1.830 €**.
- 103 05.12.2023 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 17 xustif. de gasto d Gas Natural-Fenosa, nº 36/2023** (servizos e subministros), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 175,58 €**.
- 104 07.12.2023 **Aprobación de xustificación de subvencións directas do ano 2023** realizadas por CD Mosteiro Bembrive Fútbol Sala, Asoc. Irmandade de Festas San Blas e Santiago e Ateneo Musical de Bembrive, **recoñecemento da obriga e orde de pago, por impte. de 21.000 €**.
- 105 07.12.2023 **Aprobar relación de 22 xustif. de gasto, nº 34/2023** (servizos e subministros), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 2.587,28 €**.
- 106 13.12.2023 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 22 xustif. de gasto, nº 37/2023** (servizos e subministros), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 9.659,39 €**.
- 107 13.12.2023 **Adxudicación de contrato menor de subministro de moqueta para a ELM de Bembrive a Garciventa S.L.**, por impte. total de **169,40 €**.
- 108 18.12.2023 **Recoñecemento da obriga do gasto e orde de pago ao Concello de Vigo da taxa anual de exaccións unif. Industriais (lixo oficinas)**, de tributos municipais do ano **2023**, por impte. total de **217,61 €**.
- 109 20.12.2023 **Apertura de conta bancaria ...436685 no Banco Santander, cancelación de depósito bancario do Banco Pastor e traspaso do saldo de 880.000 € dunha conta a outra.**
- 110 21.12.2023 **Adxudicación de contrato menor de servizos de Actuación rondalla** no XXIV Certame de Rondallas 2023 á **Asociación SCDR Helios**, por impte. total de **750 €**.
- 111 21.12.2023 Aprobación de proposta da Comisión do Fondo de Acción Social, de **concesión de axudas do FAS** con referencia ao **exercicio 2022** a tres traballadores, por impte. bruto total de **3.000 €**.
- 112 22.12.2023 **Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 28.12.2023** (5 asuntos).

5. Rogos e preguntas.



Entidade Local Menor de Bembridge

A alcaldesa-pedánea di que vai responder ás preguntas que formulou anteriormente:

- En relación ao orzamento manifesta que en canto se poida van a elaborar un orzamento, agora xa saberá que Patricia (facendo referencia a secretaria-interventora) vaixe en breve, reitera que en canto se poda farase un orzamento novo e mentres tanto estase traballando para reducir os maiores gastos posibles.

- En canto a presentación de demandas aos anteriores e todo iso (o Sr. Vila Pereira interrompe para dicir que él se refería a recuperar), cree que os anteriores xa foron demandados, condenados, Terán que cumprir as sentenzas e xa cando esta Corporación entrou, no 2019 e se contrataron os avogados para defender a Entidade de todos os procesos xudiciais, tamén se denunciou ao Xulgado moitas irregularidades que foron arquivadas.

- No tocante á empresa Mardoc, é verdade que é unha contratación de moitos anos anteriores, que cando se poda licitar tamén van a licitar, nestes momentos é imposible e naquel momento dicir que a tramitación foi correcta e que foi o prezo máis baixo que houbo, pero iso non quita que haxa que volver a licitar.

O Sr. Vila Pereira di que él entende que hai que volver a licitar ao que a alcaldesa lle responde que si.

O Sr. Vila Pereira pide a palabra para reiterar que terminamos o ano sen orzamentos, sen presentar contas e insiste que hai que facelo.

Fai referencia ao punto núm. 3 do orde do día para dicir que hai unha factura dunha procuradora do ano 2018 que ven a consecuencia da mala xestión dos anteriores alcaldes pedáneos, que hai que buscar a fórmula de buscar esos xustificantes e reclamarllos a quen procede, que non sabe se é de Marcos ou Roberto.

A alcaldesa-pedánea di que en canto esa procuradora non ten nin idea, que fixo o seu traballo e que de Marcos non é, que é do ano 2018 e chegou agora, non se pode preveer, nen o pode preveer ninguén.

O Sr. Vila Pereira di que o servizo de asesoramento xurídico é do ano 2021 e que estaba Marcos, e que non sabe se foi Marcos nen sabe si foi para a defensa del ou defensa da Entidade.

A alcaldesa-pedánea respóstalle que ese contrato si foi Marcos, pero que non foi para a súa defensa, que eses avogados non defenderon a Marcos.

O Sr. Vila Pereira di que se vai a pedir xustificacións e que esa xente que perxudicou os intereses da Entidade Local Menor de Bembridge pois ten que cumprir.



Entidade Local Menor de Bembridge

A alcaldesa-pedánea di que xa están acostumbrados a denunciar todo e que sigan denunciando. Di que ela non van a denunciar a ninguén máis e que cree que os seus compañeiros están todos dacordo, xa houbo sentenzas, xa houbo de todo, xa foi condenando ou foron condenados ou van a seguir sendo condenados e como ela como aquí non estaba e non sabe nada en realidade, non pode dicir que tal roubou ou non roubou porque ninguén o sabe concretamente.

O Sr. Vila Pereira di que hai sentenzas e a alcaldesa-pedánea respóstalle que eles, o seu partido, estaba na oposición, que houbo sentenzas, por exemplo na praza da Cruz estivo condenado a devolver o diñeiro, devolviu 9.000 euros que foi o que lle mandou o xuíz.

O Sr. Vila Pereira dille que o gasto que tivo a Entidade nesa época foi moi superior a iso e a alcaldesa-pedánea di que xa o sabe, que él está pagando as condenas que lle poñen, que se supón, senón terá o xuíz que facelas cumprir.

O Sr. Vila Pereira di que se a Entidade non denuncia, haberá alguén que o denuncie, que alguén ten que responder sobre os intereses da Entidade Local Menor de Bembridge.

A alcaldesa-pedánea respóndelle que xa saben, que aquí estaban na oposición, o seu partido, nese momento sabían todo o que pasaba, o Sr. Vila Pereira dille que fai catro anos non estaban e a alcaldesa responde que fai catro anos non pero que isto ven de atrás, non ven de fai catro anos, que lle está dicindo que denunciaren os de atrás e que non fai catro anos, que se aclare, ao que o Sr. Vila Pereira di que fai catro anos se puido haber traballado, non di outra cousa. A alcaldesa dille que ela non estaba, que ela di agora que non vai a denunciar a ninguén, así claramente, que xa está, que se queren denunciar que denunciaren, xa foi denunciado, condenando, non sabe se van a seguir, se hai máis xuízos ou se non, que eles xa teñen bastante aquí, o que queren é acabar con todo o anterior, traballar e que os deixen traballar o pide por favor, que só interrompen.

O Sr. Vila Pereira responde que él a deixa traballar ao que a alcaldesa responde que él non porque xa tiveron que pechar tres actas que él dixo que non se escoitaban ben, que tivo todo o mes para vir a explicar e non apareceu e agora non di nada, cala e acepta, pois que xa non dixera naquel momento porque está atrasando, están atrasando, que é para o que están, pois xa está, que tamén podía facer unha oposición decente e traballar en conxunto e ao mellor as cousas serían máis fáciles, pero diso non entenden, ou están eles aquí ou non entenden de nada máis, dentro de catro anos cando volva a haber eleccións e sexa alcalde que denuncie todo.

O Sr. Vila Pereira manifesta que Deus saberá si estamos aquí ou non ao que a alcaldesa responde que quen sabe, que ao mellor nen están, que ao mellor nen están mañán ao que o Sr. Vila dille que él non pode discutir iso.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:25 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcaldesa-Pedánea

Asdo.: Patricia Otero Carrera



A Secretaria-Interventora

Asdo.: Patricia Alvarellos Leis